



Concello de Vigo  
Expte. 4955/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 10/2025

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 26 DE MAIO DE 2025

### ORDE DO DÍA

UNICO.- Aprobación definitiva da “Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (PXOM)”. Expte. 15313/411 (Expte. Pleno 4953/1101).

### ASISTENTES

#### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde  
Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen

#### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel  
García González, Patricia  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M.<sup>a</sup> Luisa

#### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas e trinta minutos (11:30) do día vinte e seis de maio do ano dous mil vinte e cinco (26/05/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos



Copia do documento - Concello de Vigo  
4993-1101

Data impresión: 16/07/2025 10:27

Páxina 1 de 8

CSV: AHAA86-3D3D3F-5C2B36-7A6BMA-S428E4-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

**UNICO.(87). APROBACIÓN DEFINITIVA DA “REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO (PXOM)”. EXPTE. 15313/411 (EXPTE. PLENO 4953/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 7 de maio de 2025, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e o xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, co conforme da delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emiten o seguinte informe proposta,

“Por orde de data 29.04.1993 do Consello da Xunta de Galicia foi aprobado definitivamente o vixente Plan xeral de ordenación urbana (PXOU-93), consonte á Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia.

Con data 20.10.2000, o Pleno do Concello de Vigo acordou, previa proposta da persoa titular da Alcaldía, proceder á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en substitución do dito PXOU-93.

Mediante orde da conselleira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 16 de maio de 2008 foi aprobado definitivamente, de forma parcial, un novo Plan xeral de ordenación municipal de Vigo e mediante orde do conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 aprobouse o documento de cumprimentación das deficiencias observadas pola orde do 16 de maio de 2008.

Con data 10.11.2015, o Tribunal Supremo declarou a nulidade de pleno dereito das ditas ordes autonómicas (recurso de casación número 1658/2014).

En sesión extraordinaria e urxente do día 18.12.2015, o Pleno do Concello de Vigo acordou a elaboración dun novo Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) adaptado á lexislación vixente, en substitución do PXOU-93, conforme coas disposicións normativas contidas na lexislación urbanística vixente así como en concordancia coas lexislación de solo, ambiental e sectorial de aplicación.

Con data 11.10.2018, o Consello da Xerencia Municipal Urbanismo (XMU) adxudicou o contrato do servizo de redacción do PXOM e actualización cartográfica á UTE Oficina de Planeamento SA e Sepia Técnicos SL.

O órgano ambiental acordou someter en data 08.06.2020 a consulta pública, por un prazo de dous meses, o Documento Inicial Estratéxico e o Borrador do Plan xeral elaborado polo nomeado equipo redactor. O día 22.09.2022, a Dirección Xeral de Calidade e Cambio Climático formulou o Documento de Alcance.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 16/07/2025 10:27           | Páxina 2 de 8 |
| 4993-1101                                                                                                                                                                                        | CSV: AHAA86-3D3D3F-5C2B36-7A6BMA-S428E4-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

Constan emitidos os informes da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (artigo 117.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas -LC-) do 09.07.2021, da Axencia Galega de Infraestruturas do 12.07.2021, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do 26.07.2021 (que achega, así mesmo, o informe da concesionaria AUDASA do 19.07.2021), de ADIF do 30.07.2021 e da Dirección Xeral de Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria do 02 e 03.08.2021 do Ministerio de Defensa do 16.08.2021. Consta tamén a solicitude de informe sectorial á Administración Central do Estado (artigo 117.1 da LC) e á Dirección Xeral de Aviación Civil.

Con data 26.08.2021 o Pleno do Concello de Vigo acordou, en sesión extraordinaria, aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal asinado electronicamente polo arquitecto director e coordinador dos traballos, D. Alfonso Díaz Revilla, presentado o 05.08.2021, co seu resumo executivo presentado o 31.07.2021, así como abrir un trámite de información pública por prazo de tres meses e suspender a tramitación de licenzas nos termos contidos no dito acordo.

O anuncio do inicio do trámite de información pública e de suspensión de licenzas foi publicado o 11.10.2021 no Faro de Vigo e o 15.10.2021 no Diario Oficial de Galicia.

Foron recabados os informes sectoriais previstos no Anexo II, táboa 1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, realizadas as consultas e conferida audiencia aos concellos limítrofes, figurando no expediente os seguintes:

- Informe da Dirección Xeral de Emerxencias do 27.09.2021
- Informe do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental do 11.10.2021
- Informe do 04.10.2021 e documentación complementaria do 18.10.2021 da Comisión Técnica de Accesibilidade
- Informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático do 03 e 12.11.2021
- Informe da aparelladora municipal do Concello de Redondela do 15.11.2021
- Informe da Deputación de Pontevedra do 16.11.2021
- Informe do Concello de Gondomar do 18.11.2021
- Informe do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural do 30.11.2021
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural do 13.12.2021
- Informe da Dirección Xeral de Estradas (estatal) do 16.12.2021
- Informe da Dirección Xeral de Mobilidade do 17.12.2021
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 12.01.2022
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 12.01.2022 (artigo 102 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro)
- Informe do arquitecto municipal do Concello de Mos do 12.01.2022
- Informe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Minerais do 14.01.2022
- Informe da Dirección Xeral de Defensa do Monte do 19.01.2022
- Informe da Delegación do Goberno en Galicia do 20.01.2022



Copia do documento - Concello de Vigo

4993-1101

Data impresión: 16/07/2025 10:27

Páxina 3 de 8

CSV: AHAA86-3D3D3F-5C2B36-7A6BMA-S428E4-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Informe do 26.01.2022 e 07.02.2022 da Dirección Xeral de Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria
- Informe do Ministerio de Defensa do 01.02.2022
- Informe do Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do 03.02.2022
- Informe da Dirección Xeral da Costa e o Mar do 25.02.2022
- Informe da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Ordenación dos Servizos de Comunicación Audiovisual do 14.03.2022
- Informe de Augas de Galicia do 04 e 05.04.2022
- Informe da Confederación Hidrográfica do Miño - Sil, O.A. do 06.04.2022
- Informe de Portos de Galicia do 28 e 29.06.2022
- Informe de Portos do Estado do 04.08.2022
- Instituto de Estudos do Territorio do 22.12.2022
- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas do 05.07.2023
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 06.07.2023

Obra tamén o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o día 09.02.2022 relativo ao trámite previsto no artigo 60.7 da LSG e o de data 29.10.2021 da Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra.

Practicáronse as notificacións previstas nos artigos 101 da entón vixente Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 189.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas.

Con data 31.08.2023, a directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático formulou a declaración ambiental estratéxica declarando ambientalmente viable o documento de Plan xeral elaborado, cos condicionantes establecidos nos diferentes informes sectoriais emitidos (publicación no DOG núm. 174, do 13.09.2023 e en sede electrónica do órgano ambiental).

En sesión ordinaria do día 28.12.2023, o Pleno do Concello de Vigo acordou estimar total ou parcialmente e desestimar as alegacións formuladas durante o trámite de informe pública consonte o informe de resposta datado en novembro do 2023 e asinado electronicamente polo arquitecto director e coordinador dos traballos D. Alfonso Díaz Revilla en data 30.11.2023 e aprobar provisionalmente o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación provisional, datado en outubro do 2023 asinada electronicamente polo arquitecto director e coordinador dos traballos, D. Alfonso Díaz Revilla con data 28/11/2023 e 29/11/2023, así como o informe de resposta aos informes sectoriais previos á aprobación provisional (presentado o día 03.11.2023, cod.sol.: W990966-3663), o informe de integración dos aspectos contemplados na Declaración Ambiental Estratéxica (presentado o día 03.11.2023, cod.sol.: W991073-4880), o informe de resposta ás alegacións rexistradas durante o trámite de información pública, incorporado ao expediente o día 01.12.2023 (cod.sol.: W1015542-6044 rexistrado o 30.11.2023) e o informe de resposta ao emitido pola Área municipal de Xestión Patrimonial e Territorial (presentado do día 30.11.2023, cod.sol.: W1016481-8156).

Logo da aprobación provisional do instrumento urbanístico foron practicadas as notificacións previstas nos artigos 190.1 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio da comunidade autónoma de Galicia e 189.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas e recabados os seguintes informes sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural relativo á ordenación detallada do ámbito SUNC - 412 Santa Cristina - Bagunda do 25.04.2024, da



Copia do documento - Concello de Vigo  
4993-1101

Data impresión: 16/07/2025 10:27

Páxina 4 de 8

CSV: AHAA86-3D3D3F-5C2B36-7A6BMA-S428E4-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Secretaría Xeral de Telecomunicacións e Ordenación dos Servizos de Comunicación Audiovisual do 13.05.2024 (artigo 50.2 da Lei 11/2022, do 28 de xuño, xeral de telecomunicacións) e da Subdirección Xeral de Aeroportos e Navegación Aérea co conforme da Dirección Xeral de Aviación Civil do 30.07.2024.

Con data 19.09.2024, foi recibido o informe da mesma data emitido pola Dirección Xeral de Urbanismo en cumprimento dos artigos 60.15 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) -informe autonómico preceptivo e previo á aprobación definitiva- e o informe de data 13.09.2024 da mesma Dirección Xeral en cumprimento dos artigos 117.2 da LC e concordantes do Regulamento xeral de costas aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, nas materias competencia dese centro directivo.

Finalmente, con data 21.02.2025, tivo entrada no Rexistro electrónico da XMU, o informe emitido con esa data pola Dirección Xeral da Costa e o Mar nas materias de competencia estatal (artigo 117.2 da LC).

Con data 11.04.2025, o equipo redactor do referido instrumento urbanístico presentou o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva', datado en febreiro 2025 e cuxos documentos están provistos da sinatura electrónica do arquitecto director e coordinador dos traballos, D. Alfonso Díaz Revilla de data 10.04.2025. Na mesma data achegou a carpeta INFS CONTEST. A INFS SECTORIAIS coa recompilación de todos os informes técnicos formulados polo equipo redactor en resposta aos informes sectoriais emitidos durante a tramitación do Plan Xeral. Todos estes informes, xunto co emitido o 20.03.2025 polo arquitecto director e coordinador dos traballos, e presentado nesa mesma data en resposta ao informado o 19.09.2024 pola Dirección Xeral de Urbanismo (previo á aprobación definitiva), quedan incorporados ao expediente.

Así pois, a documentación técnica achegada está composta por dúas carpetas comprimidas (.zip) que conteñen a documentación técnica non editable e editable xunto coas súas correspondentes pegadas dixitais (.hexhash) e unha declaración responsable conforme ao Anexo 9 das *Normas Técnicas de Planeamento* (NNTTPP), sendo toda esta documentación a sometida a aprobación definitiva.

Consta no expediente informe emitido pola Xefa da área técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 23 de abril do corrente, relativo á análise dos elementos regrados definidos na lexislación vixente e á fiscalización da existencia de motivación das decisións discrecionais adoptadas.

Na medida que o documento presentado para aprobación definitiva cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación, que o nivel de definición da documentación é adecuada para a súa finalidade, que considéranse nel a totalidade das observacións do informe da DXU realizando os cambios necesarios no documento, ou ben, xustificando a non necesidade de realizalos e que as modificacións, consecuencia dos informes sectoriais, os informes ou correccións dos servizos técnicos municipais, así como do propio perfeccionamento do documento non supoñen un cambios substancial na estrutura xeral e orgánica da documentación aprobada inicialmente e exposta ao público, procede, de conformidade co disposto no artigo 60 da LSG, a aprobación definitiva da revisión do PXOM.

Concluída pois a tramitación do procedemento, de acordo co artigo 60.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) corresponderá ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 16/07/2025 10:27           | Páxina 5 de 8 |
| 4993-1101                                                                                                                                                                                        | CSV: AHAA86-3D3D3F-5C2B36-7A6BMA-S428E4-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal nos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes, sendo o órgano competente o Pleno do Concello de conformidade co establecido no artigo 123.1 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas á súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 82 da LSG, á inscrición do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da LSG e ao que dispoña ao efecto a lexislación vixente en materia de réxime local (artigo 83.4 da LSG).

Polo anterior, propónse ao Consello da XMU a adopción do seguinte DITAME.../...”

Deseguido os funcionarios emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa sesión extraordinaria do 16 de maio de 2025, ditaminou favorablemente a proposta e propón ao Pleno a adopción de dito acordo.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos (19) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia; cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres votos (3) en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva', datado en febreiro 2025, presentada polo equipo redactor en data 11.04.2025, cuxos documentos están provistos da sinatura electrónica do arquitecto director e coordinador dos traballos, D. Alfonso Díaz Revilla de data 10.04.2025.

SEGUNDO: Ordenar a publicación deste acordo, xunto coa documentación sinalada no artigo 82.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), no prazo máximo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia. No anuncio publicarase a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro do plan aprobado a disposición do público.

TERCEIRO: Remitir á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, un exemplar do documento definitivamente aprobado, debidamente dilixenciado e, unha vez practicada a dita inscrición, ordenar a publicación do documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia (artigos 82.3 e 88.3 da



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 16/07/2025 10:27           | Páxina 6 de 8 |
| 4993-1101                                                                                                                                                                                        | CSV: AHAA86-3D3D3F-5C2B36-7A6BMA-S428E4-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

LSG). A devandita inscrición será requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 88 da LSG).

CUARTO: Remitir á Dirección Xeral de Aviación Civil a certificación do presente acordo xunto co plan aprobado definitivamente en cumprimento do artigo 27.9 do Real decreto 369/2023, do 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea e se modifica o Real decreto 2591/1998 do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto no artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e practicar as notificacións previstas nos artigos 190.1 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio da comunidade autónoma de Galicia e 189.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas.

QUINTO: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario "Revisión PXOM"  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Lunes, 26 de Mayo de 2025 11:22:41  
Fecha Fin : Lunes, 26 de Mayo de 2025 13:43:03  
Duración : 02:20:22

- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3563](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3563)

- Media (MASTER)

-----  
[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.8 GiB  
Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/HcD8eurSa2IZUb6BpEEUsjAZ7EaNGxImS5NRKgdJp aDqrZ9u.wmv>  
SHA512 - 5fea8ee4d921b7df0d631cbe0d2264b6b9acf514c5eb84ab94bfb750ed2eea24006ff4d26ac6471563ef54fbb1a23e796979e2c0df8f9ddb22213ba3c56cbe8

- Media (PROXYS)

-----  
(no disponible)

- Minutaje

-----  
00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Silva Rego, Carmen;  
Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font,  
Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso  
Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/07/2025 10:27

Páxina 7 de 8

4993-1101

CSV: AHAA86-3D3D3F-5C2B36-7A6BMA-S428E4-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Pablo; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:05:34 - Caballero Álvarez, Abel  
00:05:53 : UNICO.- Aprobación definitiva da ?Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (PXOM)?. Expte. 15313/411 (Expte. Pleno 4953/1101).  
00:07:07 - Caride Estévez, María José  
00:27:58 - Caballero Álvarez, Abel  
00:28:19 - Pérez Iglesias, Xabier  
00:48:33 - Caballero Álvarez, Abel  
00:48:43 - Sanchez Mendez, Luisa María  
01:03:42 - Caballero Álvarez, Abel  
01:03:50 - López Font, Carlos  
01:24:18 - Caballero Álvarez, Abel  
01:24:38 - Caride Estévez, María José  
01:40:03 - Caballero Álvarez, Abel  
01:40:08 - Pérez Iglesias, Xabier  
01:46:44 - Caballero Álvarez, Abel  
01:46:51 - Sanchez Mendez, Luisa María  
01:51:43 - Caballero Álvarez, Abel  
01:51:50 - López Font, Carlos  
01:57:23 - Caballero Álvarez, Abel  
01:57:37 - Caride Estévez, María José  
02:02:56 - Caballero Álvarez, Abel  
02:03:02 - Caballero Álvarez, Abel  
02:19:15 - Votación [13:41:57]  
02:20:22 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e corenta e dous minutos (13:42)redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 10/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.  
am.

A PRESIDENCIA  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,  
Jose Villán Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/07/2025 10:27

Páxina 8 de 8

4993-1101

CSV: AHAA86-3D3D3F-5C2B36-7A6BMA-S428E4-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>